

Memoria, escoita e transformación cultural, eixos de César Morán en 'O eco das ondas'

Músico, compositor e observador atento da realidade cultural, César Morán leva décadas explorando a música como linguaxe artística e como ferramenta para pensar o mundo. En *O eco das ondas* (Medulia Editorial), o seu novo libro, recompila textos escritos ao longo dos anos e propón unha viaxe pola memoria.

Susana Sánchez 07 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/memoria-escoita-transformacion-cultural-eixos-cesar-moran-eco-das-ondas/20260107090656243747.html>

Cesar Morán insiste nunha idea que atravesa todo o seu novo libro: "Non fala só de música; para min falar de música é falar da vida". Esa afirmación non é unha metáfora, senón a clave que organiza *O eco das ondas* (Medulia Editorial). O volume do músico, escritor e colaborador de *Sermos Galiza*, o semanario que acompaña *Nós Diario*, recompila máis de oitenta textos escritos ao longo do tempo, moitos deles publicados inicialmente na sección mensual 'As ondas da música' no propio *Sermos Galiza*. "Eran artigos que xa tiñan unha coherencia interna", explica, "porque detrás estaba sempre a mesma maneira de mirar o mundo".

A proposta de convertelos en libro chegou desde fóra. "Xulio Arca, da editorial Medulia, díxome que estaría ben unir todo ese material", lembra. "Foi un proceso moi doado, porque os textos xa pedían ese formato". O resultado non é unha simple recompilación, senón unha obra estruturada en bloques que dialogan entre si, construindo un relato continuo no que a música serve de fío condutor.

Nun primeiro apartado, Morán detense na música "en horizontal", unha expresión na que fai unha reflexión aberta sobre que é a música, como a escoitamos e que lugar ocupa na nosa experiencia vital. Trátase dunha reflexión aberta sobre que é a música, como a escoitamos e que lugar ocupa na nosa experiencia vital, entendéndoa non como un obxecto illado nin como un produto exclusivo, senón como unha práctica cotiá que atravesa a vida das persoas.

A radio ocupa un lugar central nesta historia, non só como medio de comunicación, senón como espazo de aprendizaxe. "Eu escoito a radio todos os días, é fundamental", afirma Morán, que recoñece nela unha das súas grandes influencias. Mais a súa relación coa música comezou antes: "De pequeno, a música entraba pola rúa, polas casas, pola familia. Cantaba todo o mundo". **Esa escoita colectiva, previa á industria e aos dispositivos, marcou profundamente a súa maneira de entender a música.** "Foi unha forma de aprendizaxe básica", explica, "porque a música non

era algo separado da vida, senón parte dela". No libro, esa lembranza convértese nunha reflexión máis ampla sobre como aprendemos a escoitar e sobre o valor da transmisión oral e comunitaria.

Outro dos eixos do libro é a análise das transformacións culturais a partir dos anos sesenta. Morán revisa a música desa época, as súas revolucións e as súas consecuencias, combinando análise histórica e experiencia persoal. "Foron anos de cambios moi fortes", sinala, "non só musicais, senón sociais e culturais". A súa vivencia na Coruña daqueles anos ocupa un lugar destacado, así como as influencias que chegaban de outros países. "Había unha sensación de apertura", lembra, "de que a música podía ser unha ferramenta para cambiar cousas". Esa mirada cara atrás non busca idealizar o pasado, senón entendelo. "Sempre volvemos ao pasado", reflexiona, **"porque só coñecéndoo podemos facer proxectos de futuro"**.

Nesa maneira de escribir e analizar, Morán asume que toda reflexión sobre música é tamén unha forma de autorretrato. Ao falar do son, das escoitas e das transformacións culturais, proxéctase inevitablemente a sociedade e o mundo en que vive, coas súas contradicións e conflitos, pero tamén a súa propia posición como creador e como cidadán. "Sempre defendín que todos nos proxectamos a nós mesmos, con independencia do que expliquemos ou do que fagamos", afirma. Mesmo cando analiza realidades externas, a súa escrita deixa ver unha ética e unha maneira concreta de entender a cultura como espazo de comunicación e responsabilidade compartida.

No libro tamén hai espazo para pensar o presente. Morán detense nos cambios radicais que trouxo internet e na maneira en que hoxe consumimos música. "Unha das grandes revolucións foi a desaparición dos soportes físicos", di. "Hoxe regalas un disco e non sabes se a persoa ten onde escoitalo". Para o autor, este cambio implica perdas evidentes: "Perdes certas frecuencias, certos matices, unha relación máis pausada coa música". Con todo, rexeita o discurso nostálgico. "Non o digo en negativo", insiste. "Todo cambia, nada é definitivo. Todo se repite, aínda que nunca exactamente igual". A tecnoloxía, para el, é "o grande avance do noso tempo", aínda que esixa unha reflexión crítica constante.

César Morán quere que o libro non quede só nas páxinas: busca levalo á xente de forma directa. "Xa o presentamos na Coruña, en Portas Ártabras, e esta cuarta feira estaremos en Mondoñedo, no Concello, acompañados de **Rebeca Maseda**", explica.

Ademais, hai presentacións previstas en Vigo e Pontevedra, aínda sen data pechada, e o autor expresa o seu desexo de facelas tamén en Carballo e noutras vilas da comarca. "Gústame combinar a presentación cun formato no que alguén dialogue comigo mentres eu interpreto tres ou catro cancións relacionadas co libro", di Morán.

O músico está a gravar un novo disco, e estas interpretacións son "cousas que están aí, que forman parte do mesmo proceso creativo". O obxectivo é levar o libro e a música ao maior número posíbel de persoas, creando unha experiencia de lectura e escoita compartida.

O desexo do autor: Unha maneira de falar do mundo e da vida

A crítica de César Morán vai máis alá do artístico e entra no terreo laboral. "O mundo da música é un dos ámbitos onde a economía mergullada segue sendo habitual", denuncia. Para Morán, isto ten consecuencias graves: "As músicas e os músicos son traballadores da cultura e deberían ter contratos, dereitos e seguridade social. Iso aínda está moi lonxe de ser unha realidade", sinala en declaracións a *Nós Diario*.

Tamén cuestiona as categorías tradicionais. **"Que é música culta?"**, pregúntase. "Hai moitas músicas que, desde o meu punto de vista, son profundamente cultas, aínda que non encaixen nas etiquetas clásicas". Fronte ás xerarquías fechadas, defende unha cultura diversa, ética e comunicativa.

Que esperte ganas de escoitar música

Como feche, Morán formula o seu desexo para os lectores e as lectoras da súa nova obra: "Que o libro deixe un bo estado emocional. Que esperte ganas de escoitar música, de comunicarse mellor e de vivir con valores como a igualdade, a non violencia e o respecto". Porque, como resume ao final, *O eco das ondas* non é só un libro sobre música: "é unha maneira de falar do mundo e da vida".